

## **Circular Competicións- 17 de setembro de 2021**

### **Asunto.- Convocatoria solicitudes Organización de Probas Calendario oficial**

#### **A TÓDOLOS CLUBS E ORGANIZADORES DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO**

A Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno abre o prazo para a presentación de solicitudes de organización de probas tanto de triatlón coma de péntatlon moderno, para a próxima tempada, co fin de poder traballar no desenvolvemento do calendario que se aprobará para o 2022.

A DGT acaba de enviar a comunicación cos prazos de comunicación das probas afectadas polos permisos de tráfico. O primeiro prazo para dar prioridade a estas probas sobre outras modalidades ou eventos non oficiais calendaradas, especialmente aquelas que poidan ter previsión de celebración antes de finais de marzo de 2022 rematará o 26 de outubro.

En relación ao anterior e coñecedores de que aínda que a pandemia vai dando tregua a situación segue sendo bastante incerta, animámosvos a facer previsión de datas de celebración daquelas probas que poidades ter previstas, aínda sabendo que nalgúns casos a súa celebración dependerá da evolución da situación sanitaria na comunidade e na zona, algo totalmente comprensible a data de hoxe por todos os estamentos federativos.

Si pedimos o compromiso dos organizadores de comunicar a cancelación das probas que se calendaricen coa antelación suficiente, ao menos de un mes, de cara a ter marxe de manobra para tratar de conseguir levar as probas de circuíto ou cptos galegos a outra sede por parte da Xunta Directiva.

#### **Recepción de solicitudes: ata o 17 de outubro de 2021**

A solicitude deberá enviarse a [info@fegatri.org](mailto:info@fegatri.org) e virá acompañada dun pequeno proxecto que debe perfilar os aspectos básicos que se detallan a continuación, especialmente no caso de novas probas, para poder traballar sobre o mesmo coordinadamente.

Na medida en que se traballa a longo prazo sabemos que en serán previsións que despois se deberán concretar cos delegados e delegadas técnicos das probas, e que seguramente sufran tamén variacións por diversas cuestións secundarias, pero é importante ter unha descrición previa destes puntos, para poder dar apoio á organización que así o precise.

## DATOS BÁSICOS DO PROXECTO DE SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE PROBAS

– Formulario de comunicación calendario cuberta cos datos da proba (xúntase a ligazón de descarga a continuación)

FICHA/FORMULARIO CALENDARIO (só para probas con influencia de permisos de tráfico)

### **\*Datos para Probas con antecedente (solicitarase o proxecto de cambios para a posta en marcha).**

Datos:

- Nome da proba
- Tipo -(Circuíto/Cpto Autonómico/Popular).
- Dúas datas posibles e localización.
- Organizador, datos e persoa de contacto.
- Director de Carreira/Responsable (nome, teléfono, email).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Ficha de tráfico cuberta (de afectar permisos da DGT).
- Distancias
- Observacións: indicar previsión cambios de localización ou circuítos respecto á edición anterior.

### **\*Probas que se organicen por primeira vez xuntarán ao proxecto o engadido ademais os seguintes datos:**

– Organizador (É preciso tramitar licenza de club-organizador 2022 de triátlon, ou coorganizala con algún organizador con licenza).

- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Dirección Executiva e Dirección de carreira
- Datos e persoa de contacto.
- Data, hora e lugar.(se é posible dúas alternativas para tentar cadrar previamente dende competición un calendario onde non se prexudiquen)
- Número de carreiras-saídas, se houberse máis dunha.
- Distancias
- Planos dos circuítos con tódalas áreas (Saída, transición, meta, áreas de penalización,...).
- Sistema de Cronometraxe
- Premios
- Categorias
- Servizos- (duchas e vestiarios, megafonía e locución, infraestruturas en xeral...)
- Seguros- Propios (indicar de selo caso. Serán revisados polo DT) ou xestionados a través da Fegatri.
- Servizos médicos e plan de seguridade e evacuación.
- Vehículos. Control dos sectores de carreira
- Avituallamentos.
- Voluntariado